

ANEXO III

DATOS DOS/AS ALUMNOS/AS PARTICIPANTES

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	PRESENTA DISCAPACIDADES SI/NON	FAMILIA PROFESIONAL

_____, de _____ de _____

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO

Asdo.: _____

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN214A).

A evolución da sociedade e dos hábitos de consumo obrigan o pequeno e mediano comercio a un necesario proceso de modernización da súa xestión e a súa adecuación continuada para se poder adaptar ao seu contorno competitivo.

Esta situación fixo necesaria a elaboración dun conxunto de medidas, dentro do marco dunha política de comercio interior, que lle asegure ao sector tradicional do comercio a posibilidade de adaptarse ás novas necesidades que exixen as actuais circunstancias económicas, non só para garantir a súa supervivencia, senón tamén, para posibilitar que

este tipo de comercio siga proporcionando á sociedade boa parte dos servizos de abastecemento, proximidade, diversificación de oferta e mantemento dos conxuntos urbanos que, desde sempre, prestaron, mediante a creación dun Plan de renovación e mellora do comercio galego, que se orienta a dar resposta aos problemas actuais do sector, e que ten como obxectivo xeral adoptar os recursos materiais e tecnoloxías ás necesidades do sector, e mellorar o poder de negociación e capacidade de investimento das pequenas e medianas empresas comerciais establecidas en Galicia.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta orde tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de modo que as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes, ata o esgotamento do crédito dispoñible. A elección deste procedemento de concesión de axudas vén xustificado pola propia natureza destas e dado que a súa concesión vén determinada polo cumprimento por parte dos comerciantes dos requisitos establecidos na propia orde, así como a experiencia adquirida na súa

tramitación en exercicios anteriores, que permite prever atender todas as solicitudes.

A teor do exposto e, en virtude das competencias que ten atribuídas, a Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria que teñen por finalidade a renovación do comercio retalista galego e a incorporación das novas tecnoloxías da información á xestión dos establecementos comerciais co obxectivo de adaptar as súas estruturas ao seu contorno de maneira máis competitiva, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

3. O gasto que se proxecta tramitarse como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2009, de acordo co disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gastos.

Artigo 2º.-*Solicitudes.*

1. Os formularios de solicitude de axuda deberanse obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática «Axudas virtual» (procedemento IN214A) establecida na Oficina virtual desta consellería, sita no enderezo de internet <http://www.conselleriaiei.org>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica> da Xunta de Galicia, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN214A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Comercio a través do número de teléfono, do número de fax ou do enderezo de correo electrónico sinalados no artigo 4º. O dito centro directivo adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no DOG exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, logo de

obter e cubrir os formularios de acordo co previsto neste artigo.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e ata o día 18 de marzo de 2009, ambos inclusive.

As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que, neste último caso, se teña suscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992).

As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico, en vez de en papel, ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os seguintes requisitos:

O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), ANCERT (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre) Firmaprofesional e *Banesto* CA.

Xunto cos formularios de solicitude deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no punto 2 do artigo 4º das bases reguladoras. Para isto, no proceso de cobertura telemática permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

2. A través do formulario proporciónanse á Consellería de Innovación e Industria datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e, para ese efecto, procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do

expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, a Consellería de Innovación e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano-San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 6 meses.

Artigo 4º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN214A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Consellería (www.conselleriaiei.org), no seu punto de «axudas» e na «oficina virtual».

b) Teléfonos das delegacións provinciais:

Delegación Provincial da Coruña: 981 18 49 05/981 18 49 62.

Delegación Provincial de Lugo: 982 29 46 70.

Delegación Provincial de Ourense: 988 38 67 12.

Delegación Provincial de Pontevedra: 986 81 75 59.

c) Enderezos de correo electrónico:

Delegación Provincial da Coruña:
maria.concepcion.olveira.espinosa@xunta.es

Delegación Provincial de Lugo:
ramon.maria.olano.vela@xunta.es

Delegación Provincial de Ourense:
ana.isabel.perez.souto@xunta.es

Delegación Provincial de Pontevedra:
invigo@xunta.es

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 012 (desde o resto do estado: 902 12 00 12).

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a directora xeral de comercio para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

Fernando Xavier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a renovación do comercio retalista galego e a incorporación das novas tecnoloxías da información á xestión dos establecementos comerciais co obxectivo de adaptar as súas estruturas ao seu contorno de maneira máis competitiva.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º desta lei.

A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario, e no caso de esgotamento do crédito, a Administración publicará a indicada circunstancia, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

3. O procedemento de concesión destas subvencións quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos de 200.000 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L379/5, do 28 de decembro de 2006).

De acordo co establecido neste regulamento comunitario non se lles poderán conceder as axudas recollidas nesta orde de convocatoria ás empresas en crise, e ás empresas de sectores concretos como os de pesca e acuicultura, produción primaria, produtos agrícolas e o sector do carbón.

4. Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionable.

Considéranse actuacións subvencionables sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 14º, en concreto:

a) Equipamentos para o proceso de información (ordenadores persoais de sobremesa, servidores, impresoras, equipos multifunción, escáneres e similares) destinados a aplicacións de contabilidade, facturación, almacén e automatización das vendas.

b) Aplicacións informáticas de carácter xenérico ou *standard* destinadas aos fins sinalados no punto anterior, debéndose presentar neste caso unha pequena descrición das súas principais funcións e a súa relación coa mellora da xestión da actividade comercial.

c) O deseño e implantación de sistemas de venda non presenciais (comercio electrónico).

d) Páxinas web promocionais do establecemento comercial.

e) Equipos portátiles (ordenadores, axendas electrónicas, PDA e similares), soamente no caso de vendedores ambulantes, ou naqueles casos que se acredite suficientemente a súa necesidade polo tipo que actividade que se realiza, non subvencionándose, en ningún caso, máis de un equipo por comerciante.

f) Caixas rexistradoras.

g) Terminais punto de venda.

h) Lectores ópticos de códigos de barras.

i) Sistemas de medición e pesaxe de mercadorías.

j) Sistemas de etiquetaxe.

k) Sistemas de alarma, sistemas antifurto e portas de seguranza.

l) Fotocopiadoras e aparatos de teléfono e fax.

m) Equipos para o tratamento de temperatura dos produtos para a exposición e venda ao público exclusivamente.

5. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Cámaras dixitais e teléfonos móbiles.

b) Hardware e software que, de forma indubidable, non se poida relacionar cunha mellora da xestión comercial, tales como programas de revelado e impresión de fotografías, tratamento da imaxe e son, deseño, programas de lecer, obras de consulta que non correspondan á actividade desenvolvida, etc.

c) Investimentos realizados mediante contratos de arrendamento financeiro ou outras modalidades de financiamento.

d) Os gastos de transporte, instalación e mantemento dos conceptos subvencionables.

e) Calquera dos conceptos subvencionables cando sexan obxecto de comercialización polos comerciantes solicitantes.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das subvencións destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria 10.05.751A. 770.1 Renovación e fomento da calidade do comercio retalista, destinándose para o seu financiamento un importe máximo de 1.700.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións.

Aplicación orzamentaria: 10.05.751A 770.1.

Ano 2009: 1.700.000 euros.

2. Para poder optar á subvención establécese unha contía mínima de investimento subvencionable de 1.000 euros, IVE excluído. O investimento máximo subvencionable será de 12.000 euros, salvo no caso de deseño de sistemas de venda non presenciais (artigo 1.4º c) e páxinas web (artigo 1.4º d), nos cales o investimento máximo subvencionable será de 3.000 euros, IVE excluído.

Dentro dos límites establecidos no punto anterior a contía máxima de subvención que se vai outorgar será do 50% do investimento subvencionable, IVE excluído. Non obstante, a porcentaxe de subvención que se vai outorgar poderá acadar ata o 60%, IVE excluído, para os investimentos vencellados á incorporación por parte do comerciante ou beneficiario da axuda a un proxecto dunha ou varias agrupacións de comerciantes que asuman conxuntamente a realización dalgunha das seguintes actuacións: medios de pagamento, plans de fidelización, acceso á internet, operacións de comercio electrónico e sistemas de xestión integral da empresa, centrais de compras e servizos, que deberá ter o visto e prace previo da Consellería de Innovación e Industria. O citado proxecto deberá ser presentado para súa validación antes de finalización do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 2º.1 da convocatoria.

En ambos os dous casos a porcentaxe de subvención que se vai aplicar sobre o investimento subvencionable incrementarase en dez puntos cando o establecemento comercial se atope en concellos de menos de 5.000 habitantes, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2008, segundo o Real decreto 2124/2008, do 26 de decembro (BOE número 312, do 27 de decembro).

3. O importe das subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou

internacionais, supere o 70% do investimento subvencionable.

4. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os comerciantes retallistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade en establecementos comerciais ou no comercio ambulante no territorio galego e que, se é o caso, os investimentos se realicen en establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma de Galicia, debendo, así mesmo, ter o seu enderezo social en Galicia.

No caso dos comerciantes ambulantes será requisito necesario que estean inscritos no rexistro de comerciantes ambulantes ou que teñan solicitada a inscrición con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas que figuran no anexo VI desta orde. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e, se isto non for posible de determinar, atenderase a superficie de venda destinada a cada actividade.

c) Que non superen os dez traballadores.

d) Que os seus locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada a exposición e venda ao público (quedan excluídos para o cómputo da devandita superficie as oficinas, almacéns, salas de refrixeración, talleres e outros locais dedicados á elaboración ou manipulación de produtos, aulas, aseos, etc.). Esta limitación de superficie non será de aplicación para as actividades encadradas baixo ao epígrafe 653.1º e no caso dos vendedores ambulantes.

Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios desta mesma orde nas súas convocatorias do ano 2007 e 2008 non poderán ser novamente beneficiarios para os mesmos conceptos xa subvencionados, salvo que se trate de investimentos que sexan destinados a un establecemento comercial de nova apertura.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e no prazo que se indiquen na convocatoria.

2. A solicitude de subvención será presentada segundo modelo normalizado do anexo II.

Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes nas que non figuren cubertos os campos obrigatorios, sen prexuízo do trámite de emenda recollido no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude acompañarase da documentación que a continuación se relaciona, en orixinal ou copia compulsada:

a) Documentación que acredite a personalidade ou a identidade do solicitante, xa que pode ser necesaria para dala de alta no ficheiro de terceiros da Xunta de Galicia se resulta beneficiaria da subvención solicitada:

1) Se é unha persoa física, copia compulsada do documento nacional de identidade.

Alternativamente, de acordo co disposto no artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, a persoa solicitante poderá dar o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal, unha vez que estea dispoñible o mecanismo, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas. Para estes efectos, a persoa solicitante poderá cubrir a declaración que figura no modelo normalizado de solicitude.

No caso de non prestar o seu consentimento, a persoa solicitante deberá presentar fotocopia compulsada do documento mencionado no primeiro parágrafo.

Se a persoa solicitante actúa por medio de representante, documento acreditativo da súa identidade, de acordo co establecido nos dous parágrafos anteriores, así como poder bastante en dereito para actuar en nome e representación dela.

2) No caso de persoa xurídica, acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados, así como o código de identificación fiscal. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a que se solicita a subvención.

Así mesmo, achegarase a documentación acreditativa da identidade da persoa que asina a solicitude na súa representación, nos termos establecidos no punto anterior, e poder en dereito bastante para actuar como representante dela.

b) Documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores.

c) Certificación expedida pola Axencia Tributaria na que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas nos que figura dado de alta o solicitante.

d) Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio. Neste último caso, se o solicitante

está dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, deberá acreditar que a súa actividade principal é subvencionable, segundo datos de facturación ou, no seu defecto, de superficie de venda.

e) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; así como declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e declaración de axudas en réxime *de minimis* segundo o anexo III desta orde.

f) Breve memoria descritiva do proxecto e obxectivos que se pretenden acadar.

g) Orzamentos ou facturas pro forma do investimento que se vai realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

h) Certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións. Como caso xeral, estas certificacións non teñen que ser achegadas, xa que a solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir os organismos citados no parágrafo anterior. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

i) Certificación acreditativa, expedida pola asociación ou agrupación de comerciantes correspondente, de que os ditos investimentos se enmarca dentro dun proxecto global promovido por estas, se é o caso.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no for-

mulario de solicitude, debendo presentar entón as certificacións a que fai referencia este punto.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa se atope en poder desta consellería sempre que se mantexa vixente e se identifique nos formularios de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas salvidades previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

As delegacións provinciais serán os órganos competentes para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirírase o

interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas, de conformidade co artigo 5º.1 resulta que o solicitante non se atopa ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, ou con calquera outro organismo da Administración pública galega, ou no suposto de que sexa necesario achegar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 9º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o instructor formulará a proposta de resolución, que se elevará ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida, a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que se vai desenvolver polo beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de 6 meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 10º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

c) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

O beneficiario deberá solicitar a devandita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, cun límite de 40 días

hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, no seu caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente, previa instrución do correspondente expediente, no que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 8º destas bases.

Artigo 12º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención farase axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV destas bases ou por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas do beneficiario:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen pre-

xuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 de dita lei.

j) Todas as inversións deberán permanecer ao menos cinco anos desde a súa concesión no establecemento comercial declarado polo beneficiario na solicitude, salvo petición razoada á Dirección Xeral de Comercio.

No caso de vendedores ambulantes deberán declarar na solicitude, o lugar no que se localizan os investimentos.

Excepcionalmente, de maneira razoada, poderá presentarse para a súa autorización pola Dirección Xeral de Comercio, solicitude de cambio de localización do investimento.

Artigo 14º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación en orixinal ou copia compulsada nos lugares sinalados no artigo 2º da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 30 de outubro de 2009:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente indicando importe sen IVE e importe total, en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Acompañarase relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificándose, se é o caso, o tipo de cambio aplicado).

A xustificación dos pagamentos acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do

pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades públicas ou privadas nacionais ou internacionais.

c) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren adecuados. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala poderá entenderse que renuncia á axuda ou subvención concedida.

3. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O libramento da subvención farase nun único pagamento mediante transferencia bancaria, unha vez xustificada o investimento, para o cal se lle unirá á documentación de xustificación que se indica no artigo anterior, certificación expedida pola entidade bancaria onde se vai a realizar o aboamento, na que conste o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código da conta corrente.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificativo é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantido a consecución do obxecto e o investimento realizado non sexa inferior á contía mínima establecida no artigo 2º.2. En caso de concorrencia con outras axudas aplicarase o establecido no artigo 2º.3.

Artigo 16º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II «Do reintegro de subvencións» da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 17º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 18º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 19º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A ADAPTACIÓN DO COMERCIO AO SEU CONTORNO COMPETITIVO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN214A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO SOLICITANTE (CAMPOS OBRIGATORIOS)

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
EPIGRAFE IAE		ENDEREZO	
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL ONDE SE LOCALIZAN OS INVESTIMENTOS (CAMPO OBRIGATORIO)		PROVINCIA	LOCALIDADE
COMUNICAR SE RECIBIU A MESMA SUBVENCIÓN ANO 2007: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		ANO 2008: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	Nº EXPEDIENTE
		M ² SUPERFICIE COMERCIAL	

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

DESCRIPCIÓN EQUIPAMENTOS (CAMPOS OBRIGATORIOS)	INVESTIMENTO (IVE EXCLUÍDO)	SUBVENCIÓN (NON CUBRIR)
TOTAL		

2. DOCUMENTACION QUE SE XUNTA (ORIGINAL OU COPIA COMPULSADA)

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERSONALIDADE OU IDENTIDADE DO SOLICITANTE (DNI E/OU CIF) E, NO SEU CASO, ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN NA QUE SE ACTÚA.

COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓNS POSTERIORES NO CASO DE SER UNHA SOCIEDADE.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA OU CERTIFICADO DA S.S. DA NON EXISTENCIA DE TRABALLADORES.

CERTIFICACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA NA QUE SE INDIQUEN TODAS AS EPIGRAFES DO IAE NOS QUE FIGURA DE ALTA O SOLICITANTE.

COPIA DA DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS OU DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO EXERCICIO; NESTE ÚLTIMO CASO SE O SOLICITANTE ESTÁ DADO DE ALTA EN DÚAS OU MÁIS EPIGRAFES DEBERÁ ACREDITAR QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL É SUBVENCIÓNABLE SEGUNDO DATOS DE FACTURACIÓN OU, NO SEU DEFECTO, DE SUPERFICIE DE VENDA.

DECLARACIÓN DE AXUDAS, SEGUNDO ANEXO III.

CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA.

BREVE MEMORIA DESCRITIVA DO INVESTIMENTO.

ORZAMENTO OU FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS SOLICITADOS.

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA EXPEDIDA POLA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES SOBRE O DITO INVESTIMENTO.

Autorizo A Dirección Xeral de Comercio a:

1. Consultar os meus datos persoais a través dos sistemas de verificación de datos de identidade (artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos) SI NON

2. Obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social: SI NON

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, publique as axudas concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente: SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN214A).

SINATURA DO/DA SOLICITANTE E/OU PERSOAA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____
REVISADO E CONFORME	

Conselleiro de Innovación e Industria

Edificio Administrativo San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela

ANEXO III

DECLARACIÓN DE SUBVENCIONES OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE E DECLARACIÓN, DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO RECOLLIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONES DE GALICIA

D/Dª. , en calidade de , con DNI nº , con CIF comparece como titular ou en representación da empresa

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado subvencions ou axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
- Ter solicitado axudas e subvencions dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto de solicitude

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
 (2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
 (3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométeme a comunicar á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda (s) correspondente (s) a presente solicitude.

Igualmente declárase que o solicitante non esta incursado en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____, de _____ de _____

ANEXO IV

MODELO DE RENUNCIA

D/Dª. , con DNI nº ,
actuando no nome e representación da entidade ,
que ten o seu enderezo en .

MANIFESTA:

Que o día (incluírase o texto "se publicou no *Diario Oficial de Galicia*" no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do pola que (especificar o título da orde) , con código de procedemento , para o proxecto , por unha contía de euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

_____, de _____ de _____

ANEXO V

DECLARACIÓN - COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

D/Dª. , con DNI nº ,
en calidade de
comparece en representación de ,
con CIF .

DECLARO:

O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____, de _____ de _____

ANEXO VI

Epígrafes do IAE subvencionables

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e refugos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encontre comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos.

663. Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente.

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais de artesáns cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201F).

As actividades artesáns representan na Galicia de hoxe unha gran reserva desde o punto de vista cualitativo e tamén cuantitativo. Forman parte do tecido produtivo básico sobre o que se constrúe a sociedade moderna e, moi especialmente no caso do noso territorio, significan o fío condutor da identidade de toda unha cultura.

Cada sector conta coas súas propias redes de comercialización máis ou menos definidas e adaptadas ás características da produción e ás exixencias do propio mercado. No caso da artesanía, a diversidade de actividades supón que existan numerosas canles de comercialización en función de cada produto. Fortalecer estes lazos, ou crear outros novos, así como fomentar o asociacionismo no sector artesanal é unha tarefa obrigada para darlle un pulo á artesanía e progresar na súa modernización. Ademais, este sector, polas súas peculiaridades, non sempre se fai visible alí onde se exerce, o que representa unha seria dificultade para a súa conservación e desenvolvemento.

Respondendo ás actuais dimensións e á realidade das asociacións profesionais de artesáns que no contexto actual desenvolven as súas actividades no ámbito desta comunidade autónoma, e en función do auxe e proliferación no ámbito social dos diferentes tipos de asociacións profesionais vinculadas ao sector artesanal, e o incremento da súa presenza no trá-